

O TIO MARCOS D' A PORTELA



Os mandamentos d'o Marcos
 f'ra d' airexa, son seis:
 facer á todos xusticia,
 non casarse con ninguen,
 falar o gallego enxebre,
 cumprir c'o que manda a ley,
 loitar pol-o noso adianto
 con entusiasmo e con fé,
 vestir calzós e monteira
 per omnia sécula amen.

Teñen os pobos a gala
 n-o seu linguaxe falar:
 fálase chino n-a China,
 portugués en Portugal,
 catalán en Cataluña,
 e n'a Alemania, alemán,
 soilo os gallegosd' agora
 hastra vergonza lles dá
 falar a melosa e doce
 fala que falan seus país.

PARRAFEOS C'O POBO GALLEGO

Ano séntimo

Ourense 26 d' Abril de 1885

Parrafeo satenta e cinco

XAN PAISANO.

Anque de moita lembradía, *Xan Paisano* non é un personaxe; cuáseque sempre o lembran os que menol-o conecen. Viviu onte, vive hoxe e vivirá namentres haxa n-a terra lapidantes que xuzguen ós homes pol-o traxe e teñan en pouco a valía d' os labregos.

Din que a democracia é o verbo d' o sigro, que a semente d' esta idea prende e dá froitos n-o corazón d' os homes, que pra non volveren mais desapareceron as crases privilexiadas, que os papês d' o faramello dérouse de baixa, que non hay mais nobreza que a d' o traballo y-a d' o talento. Laudan a chaqueta e contan pestes d' a lanvita; xuran e perxuran qu' é mais merecente de respetos o labrego c' o sacho n-a mau precu-rando as suas terras, que o aristocrata ou o fidalgo que non s' entretēnen n-outra cousa como non sea en pintala pol-as vilas y-en correla pol-as aldeas.

Digan o que lles praza, aldraxen ou lauden canto queiran, é o certo que a personanza d' o labrego non se redimiu d' o desleigamento con que sempre foi tratado, nin ganou un anaco de terreo n-o tocantes a terlle mais estima e a darlle maor validencia.

C' o mesmo nome xenérico de *Xan Paisano* conécese agora ós fillos d' as aldeas. E non val soste- qu' eles teñen a culpa en non adiantar e non pórense arrente d' a civilizacion e d' as cos-tumes modernas. Moitos campan n-a sociedade e n-ela son agasallados, que horfos d' a posición oficial que disfrutaban y-espídos d' a lanvita que levan porque s' estila, pasarían á ser outros tantos *Xos Paisanos*, n-o verdadeiro sentido que ago-a dan á este nome.

Xan Paisano é calquera: n-as oficinas púbri-cas, por moita xusticia e razon que teña será un *Xan Paisano* o que vestido c' o traxe d' os labre-gos non leve carta de recomendacion d' un señor de perendengue: os empregados non lle dan mais creto que ós chios d' os paxaros que s' al-contran n-o poleiro.

Xan Paisano é o que vai pol-as ruas d' as vilas co-a carga ó lombo, o que anda n-a xusti-cia preiteando c' un rico, e preitea por probe, o que non ten padriños que o axuden, o que non fai unha dilixencia que lle saya ben si dinantes de coller o camiño pra facela sé ll' esquece d' untar o carro. Ninguen cobiza, andar n-a compañía nin ser amigo de *Xan Paisano*; pol-a contra, anda sempre solo como si fose un ánema en pena, e

ten que tragner a monteira n-a mau, porque de non sacala d' a cabeza pra saudar cirimoniosamente á cantosalcontra ó paso, veríano como si visen á un can.

Xan Paisano inda que solte os cartiños d' a faltriqueira, leva de cote postes onde queira que vaya, e poucos son os que os reciben en audiencia ou en consulta sin facelos agardar á porta d' a casa.

Non lle val á *Xan Paisano* amostrar-se c' o brazo qrebad, nin collerse ás aldabas de dous xamós pra chamar. Inda n-este caso, anque non sea mal recibido non será cumpridamente agasallado.

A facha de *Xan Paisano* non lle praxe ós señoritos, nin os zocos cheos de bulleiro que leva n-os pés son dinos de pórense n-as alfrombas ou n-as táboas d' as salas de visita d' os fidalgos.

Calquera falcatuada que se faga n-as vilas ten que pagala un *Xan Paisano* como apareza.

Si chaman á porta d' un médeco n-as altas horas d' a noite, anque sea pra salvar un enfermo que s'alcontra apuradiño, non dicindo que vai de parte d' unha preosa conecida, a que sirve n-a casa, sendo filla d' outro *Xan Paisano*, non se dá prèsa á facer o mandique, e de preguntar quen chamaba, responderá euasementes: «Non era naide, era un *Xan Paisano*.»

O comerciante que se derrete por compracer ás señoritas que acoden á mercarille unha picallada, e que por compracelas amóstranlle canto teñen n-a tenda, inda que conozan que levan mais gana de molelos que de mercar, pónenlle mala cara ó *Xan Paisano*, que si cadra lévalle sete varas de pano pra facer un traxe compreto.

Os rapaces que ven pol-as ruas a *Xan Paisano* apupano, pol-o xeito que os cas apupan ós lobos, e de non se defender c' o fungueiro, farian co-el xudladas.

Os gardas municipás que s' alritan ó ver que s' acantazan os nenos preto d' os señores pol-a mor de que non-ís manque unha pedra perdida, calanse e quedanse como estautuas (si non rin á gracia) cando aqueles mesmos trasfegos acantazan a *Xan Paisano*, ou van caladiñamente por detrás á turrarille d' o saco que leva ó lombo, ou á prenderille c' un misto lume á corcoza.

Nin quen lle dea unha area de sal por misericordiaalcontra *Xan Paisano* n-as vilas.

A mais de tratalo á baqueta apónenlle cousas que nunca fixo, pois anque *Xan Paisano* non sea un inxenio, ten meolos n-a cabeza e sentido práu-

tico, e retranqueiras e revoltas á eito pra non cair de bobo así como se queira.

Contan que d' unha vez *Xan Paisano* entrou n-a casa d' un gran señor, y-alcontrando c' unha cotorra n-o pasillo tiroulle a monteira enriba pra collela: asustouse o píxaro e como sabía deoir «mamá» escomenzou á chamar pol-a nai á grandes berros. *Xan Paisano* quedou atontecido ó deprocatarse d' a descortesía que cometera, e reprecou con voz doída: «¡Ay por Dios, señorita, dispenseme que coidei que era un páxaro!»

Pol-o conto sacarendes en secuencia o xuício que teñen de *Xan Paisano* os que se deixan levar pol-as aparencias e non paran mentes en que pouco mais pouco menos discurren n-as vilas como n-as aldeas, y-en que hay labregos que lle dan trinta voltas ós filalgos si os collen alí onde s' estreven á poñérense cara á cara á parolar c' o mais repinicado.

Pra conecer a *Xan Paisano* é preciso vélo n-as aldeas, onde ten a seguranza de que non lle xogan as malas pasadas que acostuman a xogarlle n-as burguesías; é necesario andar n-a súa compañía de riola pol-as festas e botar mau a mau co él un vaso n-a bodega de calquera veciño, pra s' enteirar de que ten os seus riberetes d' agudo, de que non peca de curto e de que pica n-as picardias com' os gorriños n-os graus de centeo d' os sementados.

Xan Paisano non agarda nunca pol-os seus pra se remexer e saír d' apuros; non se ll' esquece que n-o Goberno non campará nunca o paisanaxe, que acostuma a darse por satisfeito con ila turrando pra non morrer á mioca, sin que por sono siquera pense en conquistar as regalías d' o poder.

Naceu pra ser mandado e vay vivindo a pouosos, obedecendo e calando, anque as ordes d' os que mandan non lle parezan boas, porque sabe por esperencia que a nada que ll' esbaren os pés ou se lle vaya a lingoa para n-a cadea.

A *Xan Paisano* non hay que xuzgalo pol-as aparencias; faise o pequeniño pol-a mor de que non lle teñan xenreira os que sendo tan pequenos como él bótanse de grandes, e de falar o que sinte e de facer o que pensa, á satisfacción, sin retrónecas nin enganos, non sería froxa a de paus que s' armaria n-a nosa terra, nin sería eu quen anque fose d' arrendo, vivise n-a casa d' un escribano ou de calquera d' os zumezugas d' a curia ou d' a política d' aldea.

O CASTELO D' ANDRADE.

.....
E caretas facéndome estonces
d' a lua 'o reflexo,
unha negra vision d' entr' as ruínas,
«¿Qué tempos!» me dice, y-eu digo: «¿Qué tempos!»

(M. Curros Enriquez).

Cando agachaba o peito
as ilusiós sunrís d' a mocidade,
e cansado sin proveito
buscaba n-outra idade
a tiña estrana e non sabid' historia,
cobizaba n-a testa moitas veces
sentementos estranos e lembranzas,
que n-a debile memoria
espertaban as bellas esperanzas
d' un querer verdadeiro,
tolo e sinxelo cal o amor promeiro.

E cando n-Ocidente se chantaba
o refulxente sol, e densa brétema
a campiña de sombras matizaba,
y-os melros cantadores
volvían ás silveiras
deixando d' entoar hinos d' amores
ás tenras compañeiras;
entón parecía ver hermosa fada
envolta en nubes de brillante ouro
salir d' eses penedos ispirada
gabando as grorias que lograch' o mouro.

Tamén me parecía
ver a sombra d' o conde venerable,
d' aquel Andrade o *lão*, que repartía
entr' a gallega xente
mercedes con espírito dadivoso,
y-en menumentos cen, o seu grorioso
nome deixou grabado eternamente.

Mil sombras mais d' ese penedo vía
salir pouquiño á pouco,
sombros sunrís qu' a tola fantasía
e' o seu pensar d' a xuventude, louco,
finxía ledas e creía hermosas,
sendo solo pantasma aldraxosas!

Entón, ensimismado
traspasando a memoria
hasir' os primeiros tempos d' a tua' historia,
e vendo en tí lembrado
o amor, n-a tradicion leda e tenriña
d' os dous enamorados d' a Mariña,
pensativo escramaba
decote admirando tal grandeza
qu' os sigros respetaba:
«¿Dios te bendiga, altiva fortaleza!»

Aquel tempo pasou. Outras ideas
nacidás d' o contauro d' o progreso,
cheas de libértá e d' amor cheas
pol-a pátria quirida, xa profeso.

Hoxe penso d' un modo diferente:
tantos bellos pantasma, tanta meiga
qu' en tí vía surxir costantemente,
borráronse d' a mente
cal brétema qu' o sol quita d' a veiga.

Como queixa qu' aló n-o vento espira
creo sentir agora
lamentos magoáidos
d' o infortunado Mauro e tenra Elvira,
vítimas de pasion arroubadora
qu' aquel Lope maldito
afogou n-as entrañas de granito.

Ti fuches o primeiro
qu' en loita terca posicion fixeche
á Patiño, poeta e gran guerreiro
qu' o frente d' a Hirmandade
de Galicia, buscaba a libértade.
Tí que contra o estranxeiro fuches forte
y-ante tí derrotaches o normando,
fuches sino de morte
pr' a nosa libértá; libértá santa
qu' un Cela está agardando
que s' atreva á tronzar unha cadea
qu' apreixados nos ten á terra allea!

D' esas portas salían, cal bandadas
d' esfamentados corvos,
comparsas de fidalgos qu' a lanzadas
e con mirar soberbio e caris torvos,
sacaban o labrego
os anacos de pan ¡quizais deixando
n-o mais misero achego
tantos probes de fame boqueando!

Teus codelos de penas
sobre lombos gallegos estiveron;
eles os convertiron en almenas,
y-os mesmos que n-as cumes as puxeron,
d' o gañote, os cuitados,
por gusto d' o *señor* eran guindados...

¡Tempos! ¡malditos tempos! Tiranía,
aínda tés menumentos pra memoria
d' o feudalismo atrás, teogonia
morta n-os tempos d' hirripiad' historia.
¡Aínda de pé están eses castelos
en que xiran o rente
as mouras sombras d' unha edá pasada,
que non logrou borrar a edá presente
nin d' o libre as sacon a man airada!

Queda sobr' o penedo,
altiva fortaleza...
¡Teu carís furacado infunde medo!
Mais agora non baixo esta cabeza
en que d' a libértá bulen ideas,
y-en nome d' elas, ¡maldecido seas!

L. U. Graís.

O SUEVO

N-A DERRADEIRA VINTENA D' O SIGRO XIX.

Xa de crina a noite,
vai vindo a alborada,
n-a aldea calada
xa o canto d' os galos repite a sinal.
Fouciño de prata
a lua parece

qu' o fin desaparece
por entr' o boscaxe d' o negro pinal.

Xeme a bris e' o frio,
n-os freixos d' o prado
todo está calado;
sô murmulla o rego cando brinca e cai.
O tempran luceiro,
de lus bullidora,
fai festas a aurora
qu' o leito d' as fadas xa deixando vai.

Xa as tintas primeiras
d' o prácido dia
n-a vasta campía
con tola preguiza deitándose van...
Xa o lonxe n-as voltas
d' o val deleitoso
retembra queixoso,
o tóque á alborada d' a iñota campan.

O pé d' un roleiro,
c' un neno ó seo lado,
un home sentado
murmura choroso mirando á estension:
As viñas y-os millos
fóronse queimando,
n-hay herbas pr' o gando,
non xunta o labrego pr' a contribucion.

N-hay pan pol-a aldea
non hay traballiño...
¿tês frio, filliño?...
siquera unhas codias che puden topar...
Xa falei c' o abade,
quedei d' esperalo
ó pé d' este valo...
¿filliño d' a yalma... tórte que deixar!

Ahí vén: fora vagoas.
Bós dias D. Liño,
ahí ten o nenino,
o ceu lle dé o pago... canto ben me fai.
Si voste non fora
como eu me vería
meu Dios, que sería
d' o meu Anxeliño sin pai e s'n nai...

Adios meu filliño...
ay... como me cortas...
¡quedei pol-as portas
e voume a outra párea millor de servir!
Adios señor cura:
si acá outra vez chego,
hey pagarlle o achego,
que dá voste a un horfo de pai e porvir.

Camiñen pr' a adiante
qu' aínda quero velo...
vaite c' o el Anxelo...
non chores filliño... dispois hey te ver...
Adios señor cura...
—Vai c' o ceu Gorriño;

—Amemé ó nenino...
—Adios, vai sin ansea; procura volver.

O sol esprendente
xentil foise erguendo
manoxos vertendo
de lus douradiña n-a amplitú d' o ceu:
O probe choroso
de dôr so ouzando,
con vagar marchando
n-a volta d' os pinos tamen se perdeu.

MANOEL MARTINEZ É GONZALEZ.

'O TIO MARCOS D' A PORTELA.

SAUDO.

Os d' a monteira, os de coroz de palla e zocos de pau, os esvalidos de sempre, os eternos esprimidos, aqueles que viven por milagre, agradecidos á defensa que d' os seus dereitos fai pol-o ano adiante o churrusqueiro TIO MARCOS, hoxe que a eirexa comemora o dia d' o seu patroño o evanxalista san Marcos, achéganse á sua chouza pra saudalo, cobizándolle moitos anos de venturanzas e sorte.

Os monárquicos van ós pés d' o trono á cumprimentar ós reises cando festexan os seus dias; os ministros son agasallados pol-os cortesaos con regalos de validencia; os grandes d' a terra son visitados pol-os que medran á sua sombra. N-o noso agasallo non hay nin migalla de cirimonías. Acabadiños como estamos, co-a roupa que tra-guemos n-o traballo d' as terras, co-as maus arrecendendo á erba, achegámonos onda voste pra lle decir que somos d' os seus e pra lle falar como se lle fala ós amigos d' o corazón.

Que Diol-o encha de gloria, noso amantiño. Os partidos políticos teñen un periódico que os defende, qu' espaxa as ideas que sosteñen, que laude os seus homes ilustres e que alente á todos á manter os ideales consina los n-o seu credo. Nosoutros, gracias sean dadas á voste, podémonos gabar de ter tamén n-o mundo d' o periodismo un periódico que fala como nosoutros falamos, que sente o que nós sentimos e que adiviña os nosos pensamentos.

Co-as suas parolas escorrentamol-a traidora morriña cansos d' o traballo ó pé d' a lareira n-as noites d' o inverno, ou debaixo d' o parral n-as tardes d' o vrau.

Pol-o que voste nos fala levamos con pacencia os traballiños que nos acaban, vendo pol-os nosos ollos que o espírito gallego latexa inda vivo n-a terriña e que hay quen se doa d' as nosas amarguras, quen se recorde d' as nosas saudades, quen s' esmoreza c' os nosos esmorecementos, quen viva en nosoutros e pra nosoutros.

A guerra que fixeron n-as grandes vilas á monteira, deu ó demo a crásica coberteira d' a cabeza d' os nosos abós; o gusto artístico estragado pol-os barcaloyas d' a moda logrou desterrar a gaita d' as nosas romaxes; a fala gallega pol-a mor d' os desleigados que volven de Cais e que teñen á menos o falala dempois de deprenderla á forza de comer vica con leite, cuáseque cuáseque non s' escoita mais que n-as conversas íntimas d' a familia; perdéronse os rasgos mais enxebres d' a nosa raza, e namentres que os lapidantes modernos campan pol-os seus respetos impóndonos leises e costumes pasados pol-a peñeira d' os franchutes, nosoutros gallegos hastra a cana d' os hosos, axoutados com' as moscas ímonos correndo pr' as montañas caíndonos a cara de vergonza ó ver que solumentres n-elas poden vivir puras, enxebres e respetadas aquelas tradicións e costumes, aquelas runflas e trulladas, aquela patriarcal confianza e franco trato que foron orgullo lexítimo, honrado patrimonio e rasgo caraterístico d' os nosos proxenitores.

Por eso gracias a vosté o que non s'alcontra n-a vida practica, topámolo d' abondo n-a vida d' o espírito, impreso en ardentes notas n-os seus parrafeos que son outros tantos salayos d' as nosas almas douridas, notas ardentes d' o hino d' o glorioso porvir de Galicia, aturuxos d' as nosas grandes legrias, eco d' os nosos mais ñorados sentementos.

Pol-os seus parrafeos impoñémonos n-os sacretos d' a cobizada rexeneracion gallega; por eles non fuxiu a esperanza d' as nosas almas, por eles dependemos á falar y-a querernos como hirmaos coomó fillos d' esta nay tan garrida como coitada.

Non sementa en penedos, Tio Marcos; mais tarde ou mais cedo á de chegar o dia d' a colleita, que a terra non é cativa e ten a semente por rego as abondosas vagoas que pol-o caladiño verten os vellos que ven camiñar os mozos pr' as Amérecas; os mozos que deixan sin agarimo ós vellos n-as aldeas, as nais qu' esconsoladas ven como lle levan os fillos pro servicio d' o rey; os quintos que deixan as suas nais, os seus amigos, as suas rapazas, o cruceiro de pedra onde n-as noites d' o vrau en parola d' amores pasáronas como n-un sono de venturanza; os pequerrechos que, mal pocadiños! andan pol-os montes arrecadando as facendas, cuase espidos e famentos de pan e de insinanza. Porque Tio Marcos, n-a nosa terra inda que non se vexan engradal-os ollos, inda que as vagoas non corran pol-as meixelas, as estranías quo se sinten son muy fondas y-as amarguras que sofren muy mouras pra que deixen de chorar á solas vellos e mozos, pequerrechos e rapaciñas.

¡Cántas veces, cantas, deixando de traballar n-a terra apoyámonos n-o sachó e pómonos á mirar pr' o ceo pensando n-as nosas tristuras!

¿E qué sería de nos sin o agarimo d' unha voz amiga que nos dese consolos e que nos falase d' aquilo que nos e tan cobizado e querido?

Non temos pra que ll' o decir, porque vosté ben o sabe. Os seus parrafeos son a meiciña d' as nosas saudades, o pano d' as nosas vagoas; o encantamento d' as nosas malancunias, o iman d' os nosos espíritos, o verbo d' as nosas aspiraciós. A vosté y-a cantos cultivan o gallego, a eses patrióticos poetas que dando de mau as fanfurrinas d' o sigro escriben n-a nosa fala os seus versos tenros e conmovedores, brandos com' o ruxir d' os piñeirales, doces com' unha museca d' o ceo, ispirados n-o amor d' a patria laudímolos cen e millenta veces. ¡Venia á vosté y a eles pol-o ben que nos fan!

Pol-o dito, non é milagre, tio Marcos, que venámós á cumprimentalo n-a sua chouzi pol-o dia d' o seu santo e que como de costume esquecendo as nosas coitas e deixándonos levar pol-o antusiasmo botemos a monteira ó aire e dando un aturuxo que resoe en todol-os ámpitos d' a vila d' as Burgas, digamos:

¡Viva o vello TIO MARCOS D' A PORTELA!
¡Vivan os de monteira! ¡Viva Galicia!



En Mondoñedo anda pol-as noites un fantasma recorrendo o Coto d' Outeiro.

¿Inda estamos n-esas?

O *Hermantino*, periódico d' aquela vila, dí que ó matutero ou ó cortexo que finxíndose fantasma lle pon medo ás xentes, era mau de lle dar unha groma pra que lle servira d' escarmento.

¿Unha groma? Paréreme pouco. Habería que facerlle o que lle fixo un sancristan ó señor abade que tivo a mala idea de se poñer n-o traxe d' o demo pra conxuralo pr' o inferno por unhas zapicalladas que roubaba n-a eirexa.

O sancristan ó ver ó demo n-o adro cando baixaba de tocar ás ánemas, lonxe de lle facer a sinal d' a cruz ou de fuxir, agarrou un rodo e diulle co-él n-a cabeza de xeito que ll' esfarelou os meolos.

Non estou conforme con que o fantasma sea un cortexo como pensa O *Hermantino*. Agora os mozos pra falar co-as mozas en vez de facerse os aparecidos, fanse os presentados e parolan coelas sin ter vergonza de que alguen os vexa.

¡E gracias si non se pasan a maores diante de xente, que non é a primeira que vin por estes ollos!

Tampouco me cabe n-a cabeza que pra meter un matute tena-hoxe naide que se finxir fantasma.

De pantasma fan os gardas de portas n-estes casos. Abonda con requirilos pra que pasen por almas d' o outro mundo.

E vaya de bruxerías.

En Santiago corre de boca en boca unha consella pelegrina.

Os veciños de Sar e d' o cruceiro de Gayo, cícais acoradiños pol-a estragueira que fai o tifus entr' os d' o cabalo branco, contan que oubiron á persoas do sabidencia que pr' os derradeiros d' este mes cairá unha chuvia de sapos e cobras.

¡Cómo non chovan paus n-a festa de san Pedro mártir en Belvis entr' os villos y-os que van á ver as mozas que levan os meigallos n-o corpol

Pol-o demais non hay medo á que chovan sapos e cobras porque a arca de Noé xa s'alcontra valeira e nunca andivo pol-os aires.

Sapos e cobras bótanos pol-a boca os que somellañtes tolerías espaxen.

Promeiro han chover trabucos e rayos e mais centellas, que chovan sapos e cobras n-a vila de Compostela.

En Madril axuntáronse os liberás y-os republicanos pra lle facer a contra ó Goberno votando.

¡Namentres non ll' a fagan *batendo!*...

O Romero e mais o Cánovas, o Quesada y-o Pidal, os catro pés d' ese banco onde ferran á rabiar es políticos d' albarda que se chaman liberás, non s' apuran porque vayan os que queiran, á votar, si á bater foran, estonces... xa s' apuraran ¡xa! ¡xa!

Nantronte os meus compañeiros de monteira d' Ourense agasalláronme c' unha fuliada.

O mal tempo, pois corría courisco e chovía de cando en vez, non foi d' abondo pra escorrental-o xentío que furmigueaba n-a rua d' Alba, onde teño a miña chouza.

Queimáronse foguetes de tres estralos á feixes e botáronse dúas madamas que dempois d' andar ó redor touparon, como deberan toupar os males que nos afrixen ós gallegos. Rubiron grolos como ruben os consumos e houbo música e gaitas como hay eleuciós e troques de Goberno.

A trullada foi d' as enxebres; a rua d' Alba d' a vila d' Ourense asomellábase ó campo d' unha romaxe n-a aldea.

Os amigos pr' arrematal-a festa e ila turrando tomamos ó estilo d' a terriña un taco n-a eira d'a

miña chouza, e brindouse pol-o adianto e pol-o porvir de Galicia, pol-os suscritores d' o Tio MARCOS, pol-os poetas e pol-as churrusqueiras mozas d' a terriña. Brindouse ademais pol-o periódico gallego de Pontevedra *O Galiciano*.

N-o parrafeo que ven contareivos o que pasou con mais vagar, pois hoxe por hoxe sintome canso d' a trullada y-entenrecido pol-o aloumiñeiro agasallo d' os meus compatriotas, que diron probas de seren gallegos amantes d' a terriña e d' os enxebres.

En Ourense caiu o Auntamento e caiu n-unha pèza:

tiran a dar, e tiran á cabeza

¡y-o voto popular? ¡levouno o vento!

Suspendeuse tamén o d' a Gudíña.

¡Pegoulle ós concexales a morriña!

Suspenderon tamén o de Acebedo.

¡Qu' estragueira! ¡pon medo!

E suspenderon ó alcalde en Ribadavia.

¡Non, n-esta suspension foivos a rabia!

Nin solo un concexal quedou n-a Bola.

¡Xa tanto suspender seica non cola!

Aló en Villar de Barrio todos xuntos

cairon os ediles d' o concello

e por non ter alá mozo nin vello

entr' os vivos, lembraron us defuntos:

catro que s'alcontraban xa n-a cova

fai dez anos durmindo

aparecen agora pol-a nova

rezusitados n-o lugar rexindo.

¡Ah xente milagreira

que trufas e que mandas n-a terriña,

tí n-os concellos fas mor estragueira

que n-os lameiros fai unha fouciña!

Saudo con entusiasmo e mándolle unha aperta moy apertada ó seminarista que n-a fuliada d' anoite botaba dende a ventana d' o seu carto papeliños alcesos, tomando parte n-a festa e dando a entender que se conte n-o número d' os meus compañeiros de monteira, inda que trai bonete, e que é d' aqueles que se din enxebres.

Os que se procataron d' o feito laudáronno, e soilo sintiron non telo a veira pra lle dar os aprausos.

Eu cobizolle que chegue a obispo, e merece selo abofellas d' unha catedral de Galicia si é d' os aplicados como estudeante e chega a ser d' os virtuosos e lembrados como crego.

Os políticos d' a Estrada cobizan saber quen foi o que os datos d' os seus feitos me mandou.

¡Poden esperar sentados que alá vou!

O sacretario d' o Auntamento de Barbadás sosten e non deixa de levar razon, que non s' untaron os carros que carrexaron a terra de marras en Piñor.

Andiveron porque os bois turraban por eles que nin a rabea.

Ademais d' o que turraba unha real orde.

Madrid vintetrés d' Abril
d' o ano d' ochenta e cinco.

Señor Márcos d' a Portela.

Meu moi estimado Tio:

Atopei unha mañan

xunt' a eirexa de san Sidro

(santo á quen os madrileños

colgan moitos milagrosos,

e á quen quero por haber

sido labrego, moitísimo),

atopei como dicia

n-o mellor d' o meu camiño,

n-o triste chan ¡mal pocado!

envolto un papel cativo.

Boteill' a man ó momento;

pasei a vista pr' o escrito,

e ¡léveme o demo! si

de pracer non din un brinco.

Era O MARCOS D' A PORTELA

aquel papel queridíño,

escrito en fala gallega,

en ese falar tenrisimo

que escoitamos sendo nenos

e de mozos repitimos.

¡E que cousas dí O Tio MARCOS!

¡Debe ser home leido!

Eu que quero saber todo

o que dí vosté, meu Tio,

fun ó estanco á cambear

(pois non entendo de xiro)

varias cadelas por sellos

de correo. Aló os remito

pra que vosté considere

soscritor d' o papelíño

á este gallego hastr' as cachas

qu' é sempre voso afeutísimo,

XAN VARELA.

O TIO MARCOS D' A PORTELA

N-OS DIAS D'O SEU SANTO.

Tamén eu—unque non te lembres de min ¡ingrato!—quero vir hoxe á tua porta á darche os dias. ¡Malas papas me coman si che gardo rencor pol-as pasadas falcatrúas e si non veño de paz e sin mentres d' agoirar a tua festa!

Años fai que ch' escribin duas longas cartas chamando á tua conciencia pra que me volveses o creto furtado. Dempois d' as cartas, volvíñ á ter outras duas ou tres disgracias.

Por eso, meu Marquinos, vólvoche a miña estima, pois vexo que eres como todol-os homes, bós pra meterles un fungueiro pol-a boca ou por on le ca dre, hastra que non quede caste d' eles

Tí pol-o menos consolache as miñas amarguras mandándome o teu periódico, onde aprendeu á soletrear o meu rapaz, que é xa hoxe un lan-gran de vinte anos, e lendo teus graciosos parrafeos, esquezome de total-as miñas angueiras e paso muy bós dias e mellores noites.

¡Como se conece, meu velliño, que tí fuche un laberco d' os mais pintos n-a tua mocidade! ¡Canto meolo teñen algús d' os teus parrafeos, e lles sae a picardia hastra por riba d' a testa!

N-estes fiadeiros de por acá o teu periódico lido pol-o mais retranqueiro d' os mozos d' o lugar, fai abril-os ollos ás vellas, a boca ós rapaces e as rapazas aguzar o oubido en certos anacos d' a leutura.

Hastr' o boticario válese d' o tio Marcos en certas enfermadas de segura que resisten a toda outra meiciña.

Por eso eu veño á tua porta, non a maldicirte nin a agoirarte, sinon a darche unha aperta, sinon tan valente com' as d' outro tempo, con todo o cariño d' unha vella que non foi mala moza e que agradece ó tio Marcos que sea a legria d' a xuventú gallega e o consolo d' os que xa pasaron pol as verdes e solo quedan ás maduras d' a vida.

MARTA DE LEBORIN.



CORREO D' O TIO MARCOS.

D. C. P., Estrada.—Recibin unha libranza de seis pesetas: tres pol-a súa suscricion hastr' os derradeiros de Setembre, e tres pol-a de D. S. M., d' esa vila hastr' os derradeiros de Xulio.

D. D. P., Trives.—Recibin sete pesetas e media pol-a súa suscricion hastr' os derradeiros d' Abril d' o ano que ven.

D. X. S. C., Carballiño.—Recibin seis réas pol-a súa suscricion hastra fin de Marzo.

D. X. S., Maus.—Recibin seis pesetas pol-a súa suscricion hastra fin de Xaneiro d' o ano que ven.

D. M. S., Carballiño.—Recibin seis réas pol-a súa suscricion hastr' os derradeiros de Xunio.

D. X. M., Esgos.—Recibin tres pesetas pol-a súa suscricion hastr' os derradeiros de Setembre.

D. M. A., Castro Caldelas.—Recibin dazaquito réas pol-a súa suscricion hastr' o fin d' o mes que corre.

D. D. S., Mondoñedo.—Recibin unha libranza de tres pesetas pol-a súa suscricion hastr' os derradeiros d' Outubro.

IMPRESA D' O ECO D' OURENSE,



O TIO MARCOS D' A PORTELA

PARRAFEOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todol-os domingos en oito páxinas en fólío, contendo artigos de costumes, poesias, efemérides, cantares e contos d' o país gallego.

SUSCRICION

Seis réas cada tres meses.

ADMINISTRACION

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscriçõs é por adiantado.—Os números soltos véndense á dez centimos de peseta.
—Os pagos faranse en letras d' o xirc.

ALMACEN DE ULTRAMARINOS

DE

D. RAMON QUESADA,

PRAZA MAOR=OURENSE

Gran surtido de bacalao d' Escocia e de Noruega, esca-
beches en latas e barriles, ostras, lamprea, salmon, roda-
ballo, besugo, congrio, sardiñas, e pra que nada falte tamen
vos hay bacalao a vizeaina, bacalao a catalana e pulpo.

Latas de pementos, mixilõs, guisantes e froitas en con-
serva.

Queixos de hola e de total-as castes e salchichõs de Vich.

Precios económicos en competencia c' os conecidos.